

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE ESCOLA DA
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS,
CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA
O XOVES DÍA 20 DE NOVEMBRO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:54 horas do xoves día 20 de novembro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Implantación do Grao en Enxeñaría Civil.

ASISTEN:

Persoal académico

Álvarez García, Julia
Anta Álvarez, José
Baldomir García, Aitor
Barrientos Rodríguez, Víctor
Carro López, Diego
Colominas Ezponda, Ignacio
Delgado Martín, Jorge José
Díaz García, Jacobo Manuel
Dominguez Pérez, Xabier Eduardo
Eiras López, Javier
Fe Marqués, Jaime Miguel
Fontán Pérez, Arturo Norberto
Fuentes García, Luis
Galán Díaz, Juan José
González Fonteboa, María Belén
Herrador Barrios, Manuel Francisco
Jurado Albarracín Martinón, José Ángel
Martínez Abella, Fernando
Martínez Lage, María Isabel

Montenegro Pérez, Luís
Navarrina Martínez, Fermín Luis
Nieto Mouronte, Félix
Nogueira Garea, Xesús Antón
Novales Ordax, Margarita
Orro Arcay, Alfonso
París López, José
Pena Mosquera, Luís
Pérez Pérez, Ignacio
Ramírez Palacios, Luis
Rodríguez Pasandín, Ana María
Romera Rodríguez, Luis Esteban
Suárez López, Juan Joaquín
Taboada Vázquez, Raquel
Varela García, Francisco Alberto
Vázquez González, Ana María

Couceiro Aguiar, Iván
Edreira Marzoa, Laura
Naves García-Rendueles, Acacia
Sánchez Rivas, Gael
Sande González-Cela, José
Soriano Hoyuelos, María Gemma

Estudantes

Arnos Caamaño, Alejandro
Attouch Bayoud, Khadija
Díaz Blanco, Carlos
Franco Figueira, Alberto
Gómez Pasandín, Carla
López Alfonso, Héctor
Montes Lago, Daniel
Rego Sapena, Pablo

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Rodríguez González, Ainhoa
 Romeral Sánchez, Lydia
 Seisdedos García, Irene
 Suárez Vega, Raúl Ernesto
 Varela Pérez, Carlos Arbren
 Vázquez-Pena Romero, Jaime
 Villaverde Mourino, Ismael
 Villaverde Rodríguez, Brais

PTXAS

Cruz Viqueira, María del Pilar
 Franco Trillo, Alicia
 Recarey Buño, María José
 Roel Vilas, María del Pilar
 Vázquez González, Julia
 Villar Arévalo, Javier

EXCUSAN:

Persoal académico

Peña González, Enrique
 Samper Calvete, Francisco Javier

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.


1) Grao en Enxeñaría Civil.

Toma a palabra Luis Ramírez que informa das actuacións da Dirección dende a Xunta de Escola do 16 de novembro na que esta se reafirmou en ter 100 prazas de acceso no Grao en Enxeñaría Civil. Mantivo varias reunións co vicerreitor de titulacións e internacionalización, unha o 3 de novembro xunto co subdirector e o secretario académico onde se expuxeron os argumentos para defender a necesidade das 100 prazas. O vicerreitor transmitiu que tivo varias reunións co secretario xeral de universidades (SXU), nas que este non ten intención de retractarse do informe emitido en outubro que esixía un determinado criterio de

prudencia, pero que finalmente, o criterio de prudencia non será necesario que se reflexe na memoria verificada, aínda que segue vixente. Unha posible solución tratada entre o vicerreitor e o SXU é o “overbooking”, que consistiría en permitir matricular algúns alumnos máis dos reflexados na memoria. O director considera que esta medida non dá garantías para a Escola, ademais exponlle que partir dun número de prazas de 65 ou similar fará que sexa moi difícil subir ese número porque hai que cumprir unha serie de criterios, e algún é practicamente imposible de cumprir, como é que a taxa de graduación sexa sistematicamente superior ao 50%. Actualmente a taxa de graduación dos nosos graos é 7.4% e 4%, que ademais afectouse debido a poder iniciar o máster sen rematar un grao. O director tamén lle lembrou ao vicerreitor os acordos previos incumpridos, pero este manifestou que sendo consciente, daba por pechada a negociación do SXU e logo en febreiro ou marzo cando se negocien as prazas de todas as titulacións do sistema universitario galego que intentaría subir o número de prazas de acceso, pero non era optimista nin podía dar ningún tipo de garantías de éxito. Luis Ramírez continúa expoñendo que despois de varias reunións co vicerreitor, cree que comprendeu a nosa problemática, xa que hai outras facultades e escolas que todos os anos solicitan aumentar prazas e non o conseguen. O vicerreitor pediu subir a memoria do título á aplicación de verificación antes de final de mes para evitar conflitos institucionais e problemas cos prazos na acreditación, estimando a adxunta de titulacións que a primeira resposta da ACSUG sería en abril ou maio, e hai que recordar que en xuño é a preinscrición dos novos alumnos.

O director considera que, despois de todas as reunións, non é bo manter unha posición de bloqueo ante a universidade e a Xunta, e unha solución a esta problemática, proposta pola adxunta do vicerreitor e recollida no RD/822, é iniciar o proceso de verificación e pospoñer un ano a súa implantación. Deste xeito pode implantarse ben o grao, xunto ao PARS. Debe terse en conta que os cambios de denominacións dos nosos títulos van esixir un esforzo importante de divulgación en colexios e institutos. Amosa en pantalla a evolución de matrícula nos graos da Escola. A adxunta do vicerreitor considera que de manter esta tendencia, teríamos máis argumentos para lograr as 100 prazas, que o director considera que debe ser o obxectivo da Escola.

Luis Ramírez transmite á Xunta de Escola a proposta de Dirección, co apoio de vicerreitor, consistente en subir á aplicación a memoria como está e solicitar e aprazar a implantación do grao un ano, isto é, ata o curso 27/28. Pensa que é a mellor solución coa información que temos neste momento, a ameaza de quedarnos no entorno de 65/70 prazas e a incerteza de ter que esperar ata maio para saber que vai a pasar co proceso de verificación. O vicerreitor recalcou que non existe a posibilidade de pospoñer máis dun ano a implantación. No momento

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27	
Observacións		Páxina	2/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

en que se suba a memoria á aplicación, os actuais graos entraría en proceso de extinción, o primeiro curso no 27/28, e este proceso sería irreversible. O director abre unha quenda de intervencións.

Toma a palabra Alberto Varela que expón que non está de acordo con pospoñer a implantación, que levamos moitos anos tratando de unificar os graos, que a nosa situación é unha anomalía dentro do sistema universitario español, que o plan de estudos foi aprobado despois de moitas reunións, que a proposta da Dirección vai en contra dos compromisos adquiridos nas eleccións, que non ve a vantaxe de manter dous graos, que hai moita confusión para novo alumnado. Cree que é prioritario cumprir o dito na Xunta de Escola e implementar canto antes o novo grao. Non está de acordo con moito do exposto polo director pois a información que el ten de persoas do equipo de reitorado como director de departamento é distinta. Cree que a intención da universidade é ter un grao único de enxeñaría civil canto antes, que outra cousa é que cando chegue a acreditación en marzo ou abril nos deamos conta de que non esteamos listos para dar o paso, pero se é así é porque a Dirección non quere estar lista para dar o paso, insiste en que hai tempo suficiente. Expón que os graos actuais teñen un máximo de prazas de 120 en GEOP e 80 en GTEC, pero que actualmente só poden entrar 100 en total, sen que se fixese ningunha protesta. Apoia defender que o novo grado teña 100 prazas de novo ingreso. Considera que o número de 65/70 prazas é negociable cando a Xunta avalía globalmente a situación de todas as universidades. Comenta que o que lle transmiten dende o reitorado é que se o SXU mantén o número de 65/70, que nas negociacións se poida aumentar a 80/85 e co overbooking consideran dende o reitorado que se poida chegar facilmente ás 100 prazas. Non ve ningún problema en poder implementar o grao de enxeñaría civil o próximo curso.

Toma a palabra José Anta que apoia o exposto por Alberto Varela. Considera que se pode iniciar con 65/70 prazas e logo ir reavaliando. Pregunta para que esperar un ano. Se estamos a expensas do que poidan facer dende Lugo? Se se retrasará o PARS? Que pasa co novo grao e a comisión do máster de camiños? Para que este parón? Considera que que o número inicial sexa menor do esperado pode ter un efecto chamada porque haberá nota de corte, que será atractivo para os estudantes. Non entende por que parar un ano.

Toma a palabra Diego Carro que expón que a proposta é fácil de entender, que é ter máis argumentos e máis potencia negociadora, que non se para nada porque se entra nun proceso irreversible. Pode pasar que na acreditación se nos pidan cambios e ter que alegar e chegar a xuño e na prematricula ter problemas. Se hai PARS tamén haberá nota de corte. Lembra que el era secretario académico durante a implantación do proceso de Bolonia sobre o 2010, e todos os títulos habilitantes decidiron pospoñer un ano e non pasou nada. Considera que as


dúbidas que poida haber para matricularse nos graos son as mesmas que os anos anteriores. Outro risco que non se pode obviar é que a redución da PDA suporá a redución de profesorado. Respecto a solicitar posteriormente o aumento de prazas, considera que hai que fixarse nos exemplos de arredor. Outra cuestión a ter en conta é que o máster se alimenta dos graos, se estes reducen a matrícula, afectará ao máster.

Toma a palabra Margarita Novales que opina que non se debería retrasar a implantación do novo grao. Pregúntase se é razoable manter as mesmas prazas que en 2006 tendo as escolas e a poboación universitaria actual. Expón que na Xunta de Escola na que a anterior directora propuxo 80 prazas, que ninguén dixo nada, e que o SXU demostrou que a súa palabra non é fiable. A Escola ten argumentos para 100 prazas pero haberá que negociar ano tras ano, que cumprimos todos os acordos fusionando os graos, que hai que esixir as 100 prazas pero que non teremos garantías. Considera que levamos demasiado retraso e que non hai motivación para retrasar un ano máis.

Toma a palabra Luis Romera que expón que se pediron 80 prazas cando entraban 30 en cada grao. Considera que o único certo agora é que o SXU puxo por escrito 65 prazas e que as outras partes incumpriron os acordos e que non pasou nada. Non temos garantías pero se o próximo curso volvemos a ter unha alta demanda teremos máis argumentos para pedir as 100 prazas. Considera que ampliar o prazo aportará seguridade e que non se está incumprindo ningún acordo da Xunta de Escola, ademais que así haberá tempo para implantar o PARS e aprobar outro novo grao.

Toma a palabra Aitor Baldomir que non está de acordo con implantar xa o novo grado. Quere tranquilizar ao alumnado no sentido de que os egresados teñen alta demanda. Considera paradoxal que converxamos a un sistema similar ás outras escolas pero reducíndonos á metade, e que ter nota de corte non é un argumento porque ninguén escolleu a Escola por este motivo. Expón que non parece razoable ser cumpridores, reducir a Escola á metade, pero sen ter un plan integral, sen pelexar as 100 prazas ou que o novo grao sexa atractivo, enviando potenciais alumnos a Lugo.

Toma a palabra Jaime Vázquez-Pena que expón que non hai confianza no SXU, que hai que ir máis alá, e que as condicións para aumentar o número de prazas están claras e que non as imos a poder cumprir, como o 50% de taxa de graduación. Considera que a incerteza no alumnado non é tal porque estanse cubrindo as 100 prazas. Respecto do posible caos co Verifica, considera que ao que pode levar é o que sucedeu en Andalucía e que en setembro non teñamos ningún matriculado na Escola. Lembra que retrasar un ano só se pode facer unha vez, e que viría moi ben para as negociacións. Considera que a nota de corte en

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27	
Observacións		Páxina	3/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

lugar dun atractivo pode ser todo o contrario. Como representante de alumnos apoia á Dirección na reclamación de 100 prazas.

Toma a palabra Acacia Naves que pregunta se pensamos en ter os mellores plans de estudos e a mellor formación ou no profesorado. Considera que se facemos as cousas ben, que teremos máis alumnos. Considera que se o aprazamento é para facer as cousas mellor que podería estar de acordo, pero que hai cousas que non se están dicindo, como que somos a única escola con dous graos. Comenta que nun congreso foi felicitada por que se unificasen os graos. Comenta unha anécdota con estudantes. Considera que podería estar de acordo no aprazamento dun ano se tivera a seguridade de que nun ano se vai a implantar o grao, pero que non está segura porque ten información informal que non pode compartir. Relata varios rumores indicando que non os pode confirmar. Expresa preocupación en que se estea pelexando polas prazas como algo técnico, mentres ao mesmo tempo outros están pelexando por outras cousas por detrás, que sabe que hai reunións e que están pasando cousas, que non está ao tanto de xeito oficial, e que non sabe se a Dirección é coñecedora.

Toma a palabra Luis Ramírez que antes de continuar coa quenda de intervencións quere aclarar que non lle gusta falar de rumores e que informa absolutamente de todo. Respóndelle a Alberto Varela para indicar que na campaña electoral nunca se comprometeu a implantar o novo grao o máis rápido posible, que se comprometeu a implantalo ben, que é o que se está proponendo. Respecto ao PARS, indica que non se puido avanzar porque non hai normativa na UDC, e que o solicitou en todas as reunións co vicerreitor de titulacións. Afirmo que non falou co colexio a nivel nacional, pero que temos unha comisión mixta coa demarcación de Galicia, na que participan representantes de alumnos, con actividades conxuntas para recuperar a visibilidade da profesión.

Toma a palabra Acacia Naves que volve dicir que son rumores e que sabe que hai movementos e están pasando cousas das que non se informa.

Toma a palabra Félix Nieto que propón unha reflexión sobre a situación. Considera que non se está discutindo a fusión dos graos, que é algo que non ten marcha atrás, e que o que se discute é o número de prazas. Propón pensar por que este é un problema e a quen beneficia, e por que este tema e non o plan de estudos é a preocupación do SXU. Calcula que se entran 60 alumnos e temos 6 cursos, a Escola tería 360 alumnos, pero se entran 100 e temos 6 cursos, a Escola tería 600 alumnos, o cal inflúe directamente no seu dimensionamento, e que esta é a verdadeira preocupación do SXU, e que ademais habería que pensar na influencia disto na matrícula en Lugo. Considera que a Escola ten capacidade para formar a un número grande de alumnos, tendo en conta ademais a tendencia de matrícula actual. Expón que o número de prazas de novo ingreso é unha cifra importante no Verifica, e que usar o overbooking suporá un incumprimento claro

nas posteriores renovacións de acreditación. Considera que é responsabilidade da Escola ter o maior número de alumnos posible, e se retrasar un ano a implantación do novo grao busca ese obxectivo, cree que é unha postura lóxica. Toma a palabra Brais Villaverde que comenta que o do overbooking é unha ilusión porque se este curso foi do 8% sobre 100 prazas, despois con 65 prazas serán só 5 máis. Expón que se este ano se quedou xente fóra, despois con 65 prazas será peor.

Toma a palabra Isabel Martínez que expón que non comprende que retrasar a implantación un ano sexa unha medida de forza porque o SXU sabe que o grao se vai implementar obrigatoriamente unha vez se suba a memoria ao proceso de verificación. Comenta que nunha comisión do colexio nacional unha persoa dixo que a Escola da Coruña ía morrer se se implantaba o grao en enxeñaría civil.

Toma a palabra Pablo Rego que expón que está de acordo co que dixo Jaime Vázquez-Pena. Considera que hai unha falsa percepción do que representa a nota de corte, pois só é a nota da última persoa que ten acceso. Pon como exemplo a promoción de entrada en TECIC no curso 23/24, onde só unha persoa aprobaría en 4 anos e sen ter unha nota de corte excepcional, podería non ter accedido. Considera que se está a falar de persoas que se quedan sen unha oportunidade de ser o que queren. Considera que na Selectividade se valoran coñecementos que nada teñen que ver co que se quere ser no futuro e a nota de corte non supón un atractivo, máis ao contrario, perderemos grandes enxeñeiros.

Toma a palabra Alfonso Orro que expón que a idea da Dirección lle pareceu sensata, que se se retrasa a implantación un ano e se cumpre a tendencia, teremos máis argumentos para negociar. Comenta que o que lle gustaría sería lograr un certo consenso. Pregúntase se é imprescindible aprazar a implantación neste momento, se non sería mellor subir a memoria agora e esperar á negociación de prazas e que non houbese unha fractura na Xunta de Escola. Pregúntase se non hai algunha forma de dar tranquilidade a todos de que este proceso é irreversible, que se vai a implementar de verdade. Pregúntase se non é posible lanzar o verifica e seguir traballando en buscar o consenso.

Toma a palabra Jordi Delgado que quere puntualizar algunhas cousas. Considera que non hai ningunha discusión sobre implantar a titulación, como expuxo Luis Ramírez ao principio e como se dixo en campaña, e que o que está en cuestión é a temporización que ten que rexer este proceso. Considera que hai que valorar os riscos e os beneficios dunha implantación acelerada. Opina que por un principio de prudencia convén facer as cousas reflexivamente e non a correr. Expón que o tempo que se pide é para dispor de máis elementos de xuízo, porque a universidade negocia o conxunto de titulacións, non só os da Escola, é isto é un risco que hai que valorar. Considera que outra cuestión a valorar é a integración co plan de estudo do máster que se queren modificar, un grao potencial non

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	4/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



implementado e o PARS. Considera que analizando os riscos, hai moitas dúbidas e é necesario tempo. Considera que falar de rumores é intoxicar, que o importante é falar obxectivamente, e se hai unha mala actuación ou ocultación por parte da Dirección ou calquera outro, que se comparta de forma obxectiva, o contrario é intoxicar.

Toma a palabra Alberto Varela que expón non ve o sentido de aprazar hoxe un ano a implantación. Considera que no momento en que chegue a aprobación do Verifica se pode pedir a prórroga dun ano. Considera que propoñer o aprazamento agora é ir en contra de todo o traballado nestes anos para implementar o grao, demostrando falta de compromiso cos acordos adoptados pola Xunta de Escola. Descúlpase se entendeu mal ao candidato Luis Ramírez, porque entendeu que ía defender o novo grao, e propoñer un aprazamento non é defendelo. Considera que non hai ningunha circunstancia a día de hoxe para propoñer un retraso, e que demostra unha falta de compromiso claro co novo grao.

Interrompe o secretario académico para informar ao director que se supera a duración prevista da sesión. Luis Ramírez pregunta aos presentes se hai inconveniente en continuar. Dadas as diferentes opinións, sométese a votación. Dado que non existe maioría para continuar, o director comunica que a Xunta de Escola se pospón e continuará o mércores 26 de novembro ás 12:45 h.

A sesión extraordinaria da Xunta de Escola interrómtese ás 13:59 h.

Reanúdase a sesión extraordinaria da Xunta de Escola ás 12:49 h do mércores 26 de novembro de 2025, tomando a palabra o director que enumera as quedas pendentes de intervención, e pregunta por novas solicitudes.

Toma a palabra Alberto Varela que amosa a súa incomodidade coa convocatoria da Xunta de Escola e como se propoñen sesións en momentos nos que ten outros compromisos. Tamén amosa a súa desconfianza e tristeza porque cre que nesta reunión se están comentando cousas que non son exactamente certas ou que para saber a súa veracidade sería conveniente que estivera presente o vicerreitor de títulos. Indica que lle enviou un correo electrónico ao director solicitando que convidase ao vicerreitor a asistir. Considera que se fan plantexamentos sobre cousas que cre que non son certas e que debería estar presente o vicerreitor para clarear dúbidas. Sinte que non se atendera a súa petición e considera que hai dúbidas sobre o proceso, e non se ofrece a veracidade real do proceso. Reafirmase en que non é o momento de pedir o aprazamento, que se pode valorar un atraso despois do proceso de verificación e que neste momento non ten sentido. Cre que é negativo porque non demostra compromiso co novo grao, que haxa vontade de implementalo, que se continúa coa

incoherencia de dous graos con acceso ao mesmo título habilitante, a visibilidade externa que xera dificultades para captar alumnado, os conflitos internos co novo grao que pensaba que coa nova Dirección como falaba na súa candidatura se ían acabar, volvendo unha e outra vez ao mesmo tema, os problemas internos de profesorado por diferencias entre alumnado dun ou doutro grao que se seguen mantendo ou retrasar a elaboración do plan de estudos do máster. Conclúe que non ten sentido pedir o retraso. Realiza dúas preguntas: a Dirección actual coñece algún procedemento externo á Universidade que poida interferir na implantación do novo grao e impedir que se implemente no curso 26/27 ou nalgún momento? Temos tres plans de estudos aprobados de graos, cal é o máis axeitado para o futuro segundo a Dirección?

Toma a palabra Margarita Novales que indica que a Escola fixo os deberes, non por obediencia cega, e que se deberían unificar os graos antes. Expón que o que lle preocupa é que a Escola cumpra os seus compromisos pero outros axentes implicados no proceso non cumpran. Recalca que o que se debe facer agora é enviar o Verifica con 100 prazas e non ve a necesidade de pedir un aprazamento. Pide que se suba o Verifica con 100 prazas e se o que se pide é un aprazamento, que se se vota que sexa en urna e que sexa nun horario onde todos os membros da Xunta de Escola poida participar, propón mañá en horario de actividades académicas.

Toma a palabra Jaime Vázquez-Pena que considera que é necesario un grao de 100 prazas, cun grao de 65 non poderemos ser un centro de referencia a nivel nacional. Indica que non se deberían estar tratando rumores nunha Xunta de Escola. Destaca a gran demanda da Escola, enchendo prazas nos últimos catro anos, e subindo a matrícula no máster. Considera moi interesante que no último ano houbo 450 titulados de enxeñeiros de camiños, habendo 250 prazas para oposicións, e unha gran demanda. Considera que hai moita tensión nas últimas sesións da Xunta de Escola e estase a perder o tempo, non analizando as modificacións que debe ter o máster de camiños, e que debería estarse propoñendo un novo plan de estudos para un posible novo grao. Considera que se están perdendo oportunidades de traballar, que as enquisas de estudantes están sen analizar e sen convocar a Comisión de Avaliación Académica dende hai dous anos. Considera que se debe retrasar un ano, facer ben as cousas e con máis tempo facer un traballo máis exhaustivo. Solicita que se hai que tomar unha decisión que sexa en urna, pero que non sexa o xoves.

Toma a palabra Julia Álvarez que indica que está completamente de acordo con Alberto e con Margarita. Considera que a Dirección actual non ten ningún interese en implantar o novo grao porque as persoas que están propoñendo un retraso na implantación estiveron todo o tempo poñendo trabas en todas as Xuntas de Escola. Lembra que na Xunta de Escola na que se aprobou o plan de

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	5/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



estudos, trece profesores, entre os que están todos os membros da Dirección actual, presentaron un recurso de alzada para paralizar o plan de estudos por supostas irregularidades: Xesús Nogueira, Ignasi Colominas, Diego Carro, Luis Romera, Jacobo García, Fermín Navarrina, Aitor Baldomir, José Ángel Jurado, José París, Fernando Martínez, Arturo Fontán, Luis Ramírez, Jorge Delgado. Indica que o Consello de Goberno da Universidade contestou, tras informe da Secretaria Xeral, por unanimidade desestimar o recurso, e que por iso desconfía co que está pasando. Indica respecto dos rumores que este recurso foi desestimado pero que Fermín Navarrina puxo un recurso contencioso administrativo e o avogado do recurso é Eduardo Toba Blanco, que tamén é enxeñeiro de camiños, e que este nunha comisión do Colexio de Camiños de Madrid foi o que pediu que a comisión se postulase en contra do plan de estudos aprobado pola Xunta de Escola. Explica que por todo isto que non pode crer á Dirección, que vai seguir dando voltas ata parar o plan, pero espera que para o vindeiro ano se non é así que lles poida pedir perdón pola desconfianza. Cuestiona respecto a presionar á Xunta de Galicia, que non presentar este ano sexa presionar, que a Dirección anterior presionou co máster de Enxeñaría Aeronáutica á Xunta de Galicia, e que seguir presionando igual fai que Lugo se quede con enxeñaría civil e coa metade do máster de Camiños. Insiste que ten motivos para desconfiar e vai votar en contra.

Toma a palabra Jaime Vázquez-Pena que opina que o sinalamento público non é decente nunha Xunta de Escola.

Toma a palabra Acacia Naves que indica que hai tensión porque con este proceso hai moita xente que se xoga o seu traballo e a súa carreira científica. Expresa que nas súas intervencións busca o mellor para a Escola. Considera que o que vai pasar non se decide só na Xunta de Escola, que hai outras entidades externas e que todo é máis complexo, e pensar que non é así ou é moi inocente ou non contar toda a verdade. Indica que o feito de que o SXU decida un número de prazas, pode axudar a ter máis alumnos, pero non vai diso, son cousas que se deciden a outro nivel, nunha negociación entre o SXU e os vicerreitores e os reitores das universidades con todos os títulos. Indica que somos unha escola pequena dentro da Universidade, con poucos alumnos, e que ogallá fôsemos a prioridade do vicerreitor de Titulacións e ogallá o SXU apoiase a UDC nisto. Considera que debemos posicionarnos o mellor posible, que se nun ano máis se mellorase o plan de estudos podería velo, pero que se é porque teremos máis alumnos e nos dará máis prazas, que non depende diso. Insiste que sabe que hai negociacións e tamén moita outra xente, e que o dos rumores non é para xerar mal ambiente. Considera que ter uns alumnos máis o ano que vén non posiciona mellor á Escola. Apoiar a proposta de Margarita Novales, pois non ve o que se gana nun ano pero si o que

se vai perder, tempo e seguir sendo os últimos de España en facer o cambio. Solicita votar en urna e en horario axeitado.

Toma a palabra Pablo Rodríguez-Vellando que considera que o grao en enxeñaría civil foi o tema no que se centrou a Dirección anterior, que dos obstáculos que tiveron para a implantación xa falou Julia pero que houbo unha maioría ampla da Escola que estivo de acordo coa implantación. Considera que o número de admitidos é unha escusa da Dirección que non atangue ao punto central que é a implantación do novo grao, e que non está suficientemente razoado. Considera que agora hai unha maioría nova na Escola, lexítima, que podería estar a favor doutra memoria na implantación, que non lle parece mal se a Xunta de Escola decidira que o novo grao non se implantara, a pesares do dito en campaña polo director de que era a súa intención implantalalo, ou que se demorara. Indica que lle gustaría ter todos os datos, en concreto di que Alberto, Isabel e el, que lle enviaron un correo electrónico ao director o venres solicitando a presenza do vicerreitor de Titulacións e Internacionalización, xa que este se prestara a asistir a esta reunión para dar máis detalles, e considera que é moi importante o que el puidese aportar. Informa que nas últimas semanas falou varias veces co vicerreitor sobre este tema, e o que el lle di sobre as conversas mantidas coa Dirección é distinto do expresado na Xunta de Escola, aínda que non puido asistir na sesión do xoves por unha reunión previa, e que hai diferenzas moi importantes. Insiste que era moi importante que viñera o vicerreitor, que se prestara a asistir, e explicara se efectivamente como el lle cría entender o problema do número de matriculados non é tal, que se pode pedir 100 e facer overbooking, co que o número de matriculados non sería un problema. Solicita contestación do director. Insiste que non lle parece mal que a Xunta de Escola decida o contrario do acordado pero igual xa non se pode dar marcha atrás, a Xunta de Escola pode decidir que xa non se implante pero asegurándose para iso de que igual xa non se pode parar isto por vicerreitor ou Consellería.

Toma a palabra José París que considera que con 65 prazas se perdería practicamente a metade da capacidade docente e deixaríamos de ser un centro de referencia a ser un centro, en números, similar a Lugo. Considera que se debe centrar o debate en cando se implanta o grao novo, que ninguén da Dirección puxo en cuestión implantar o novo grao. Propón unha reflexión sobre o cronograma de actividades a realizar no próximo ano. Indica que esta semana hai que enviar o Verifica, que inclúe un calendario de implantación, e hai que dicir agora cando se vai implantar. Despois, en un ou dous meses, haberá que enviar á CiUG información sobre que titulacións se van ofertar o próximo curso, e e se é o grao novo, irá sen PARS porque non hai tempo material para aprobalo. A continuación en abril ou maio, espérase recibir a resposta da ACSUG á verificación, cando en xuño os estudantes estarán decidindo en que se

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



matricular. Considera que en xuño non se pode decidir volver para atrás, se agora se decide ofertar enxeñaría civil, en xuño non se pode decidir ofertar outra cousa, a decisión hai que tomala agora neste Verifica, non se pode chegar a xuño ofertando unha titulación que non se vai impartir porque significaría quedarnos co grao novo e os graos vellos pero sen estudantes. Considera que non é certo que se poida tomar a decisión máis adiante, porque temos que publicar o que se vai facer o ano que vén. Exemplifica que un problema que podería haber é o nome da titulación, que está duplicado co de Lugo.

Toma a palabra Fermín Navarrina que agradece á Dirección que tratase de promover un consenso, sendo evidente que hai diferentes opinións respecto do novo grao. Considera que hai certos aspectos legais que non se poden comentar en público por ser privados como o nome do avogado, pero que efectivamente hai profesores que non estiveron de acordo co procedemento seguido para a aprobación do novo grao e que el presentou un recurso contencioso administrativo que podería acabar coa anulación de todo o proceso. Considera que a proposta da Dirección busca chegar a acordos, que persoas que non están de acordo co novo grao ou que incluso queiran modificar o plan de estudos, aceptan que se poña en marcha, e a Dirección, cumprindo a promesa electoral de implantar o grao da mellor forma posible, pide o aprazamento dun ano para solucionar problemas. Considera que non é certo que a Escola sexa unha anomalía e que ter dous graos sexa a orixe de todos os problemas. Indica que outros motivos, ademais dos expostos, para retrasar a implantación son a crise provocada pola indefinición no número de prazas que vai permitir a Xunta de Galicia, indicando que non é certo o indicado por Margarita Novales na primeira sesión desta Xunta de Escola sobre que ninguén se opuxera á proposta de limitar a 80 o número de prazas, pois el si se opuxo tal como consta no audio da acta do 31 de outubro de 2024.

Luis Ramírez solicita brevidade nas intervencións.

Continúa Fermín Navarrina que indica, respecto do motivo da anomalía, que nin sequera a fusión dos graos estaba no programa electoral da Dirección anterior, e que o pilar da candidatura era a diversificación das titulacións, o cal é o contrario de fusionar, e nunca que o problema fose a suposta anomalía de ter dúas titulacións. Indica que a primeira vez que se falou na Escola de fusión foi cando o reitor Julio Abalde veu á Escola e dixo que había que fusionar os dous graos porque o número de estudantes era insuficiente, e que se non o facía a Escola que sería o propio Reitorado quen o faría. Deduce que a orixe do problema é o número de estudantes. Considera que se o número de admitidos é baixo, isto reduce a Escola e todas as súas capacidades. Indica que a Universidade ten débeda, sen cuantificar, e un problema económico moi serio que se fai notar en reducións de todo tipo.


Luis Ramírez reitera a petición de brevidade nas intervencións.

Continúa Fermín Navarrina que expón que está de acordo coa Dirección de aprazar un ano a implantación, ir avanzando no Verifica, propoñer o PARS e un novo grao, é ir á negociación con máis argumentos.

Toma a palabra Aitor Baldomir que considera que ninguén está poñendo en cuestión a implantación do novo grao, que só se pide un aprazamento dun ano para poder facer unha proposta integral ben estruturada, e se se mantén a demanda ter máis forza para pedir as 100 prazas.

Toma a palabra Pilar Roel que se suma á petición de Margarita Novales e comenta que lle sorprendeu moito que na campaña electoral ás eleccións da Dirección da Escola o candidato Luis Ramírez anunciase que se comprometía a poñer en marcha o novo grao de enxeñaría civil. Relata que durante tres anos houbo moitas debates, reunións e votacións, primeiro para aprobar a fusión dos graos e logo plan de estudos do novo grao, e que os argumentos en contra se escoitaron innumerables veces pero que as votacións decidiron unificar os graos e aprobar a memoria dun novo plan de estudos. Indica que cando a nova Dirección se comprometeu a poñer en marcha o novo grao, manifestou certa preocupación porque todos os seus membros sempre se manifestaron en contra tanto da unificación como do plan de estudos como da memoria, incluso con recursos. Indica que a nova Dirección di agora que porán en marcha o novo grao pero ben, polo que a súa preocupación vai en aumento porque é a segunda vez que se lle pide á Xunta de Escola retrasar a súa implantación. Considera que as mesmas persoas que están agora na Dirección son as mesmas que consideraban que nunca era o momento adecuado nin para os debates nin para as votacións, e teme que o momento de poñer en marcha o grao en enxeñaría civil non chegue nunca.

Toma a palabra Luis Ramírez que indica que unha vez finalizadas as intervencións vai responder as cuestións que se lle fixeron e ás dúbidas. Nas diferentes intervencións que houbo o pasado xoves e na reanudación no día de hoxe constatouse que hai diferentes posturas. Parécelle moi grave que se manifestase nesta Xunta de Escola que a Dirección ten unha falta de compromiso claro co novo grao, que ter dúas titulacións con prazas cubertas, con demanda social sexa unha anomalía. A anomalía é que vaimos a baixar prazas. A anomalía é que sexamos os únicos que cumpramos cos acordos e parece que imos a ser os prexudicados. Indica que lle parece igualmente grave que se puxera en dúbida as afirmacións e os acordos logrados co vicerreitorado. Insiste en que este grao ten que ser o grao de toda a Escola e andar dicindo que o Director ten unha falta de compromiso coa titulación lle parece totalmente improcedente. Dende o minuto un que o equipo de Dirección se presentou ás eleccións afirmou que a

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27	
Observacións		Páxina	7/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

unificación dos graos é un feito e que o novo grao da Escola é o grao en enxeñaría civil, que hai que implantalo e que hai que facelo ben. É o grao de todo a Escola. É a Dirección de toda a Escola, fomos elixidos democráticamente e segundo figura no regulamento no seu artigo 31, o director ou directora é a máxima autoridade executiva da Escola e desempeña a súa representación, e entre outras cousas, vela pola execución dos acordos dos órganos colegiados. Dicar que non se está a cumprir co mandato da Xunta de Escola é afirmar que incumpre as súas funcións e iso non o tolera. Do mesmo xeito, cre que é á Dirección a quen lle corresponde negociar co reitorado a implantación do novo grao e en varias intervencións que ten apuntado que se mantiveron reunións e encontros co Reitorado ás costas da Dirección. Pide lealdade institucional e que de celebrarse ditos encontros, polo menos se informe á Dirección.

Continúa dicindo que quere poñer de manifesto que durante estes meses se estivo pelexando pola correcta implantación do grao e se foi informando escrupulosamente á Xunta de Escola. Inicialmente querían baixar as prazas máximas da memoria de verificación e impoñer as prácticas de empresa obrigatorias. Tras varias reunións convenceuse ao vicerreitor e démoslle argumentos para que fosen finalmente 100 prazas, cousa que inicialmente parecía que non era importante. Tívoise que lembrarlle todos os acordos previos coa SXU respecto á fusión dos graos, ao cabo dun mes chegou o informe previo que dicía que tiñamos que impoñer un criterio de prudencia de 65/70 prazas. Ese número casualmente coincide coa media de entrada dos últimos catro anos na Escola en ambos graos. Non era un problema comezar cun número así, pelexouse e polo menos ese criterio de prudencia xa non ten que aparecer explicitamente na memoria de verificación, aínda que o vicerreitor indicou que a SXU xa manifestou que sexamos conscientes que está aí.

Continúa dicindo que como Dirección consideran que non podemos saír prexudicados porque terceiros non cumpriran os acordos e por iso na anterior Xunta de Escola se acordara pedir as garantías necesarias para implantar o grao de maneira satisfactoria, é dicir, con 100 prazas. Dentro dese proceso de negociación buscou unha solución entre a Dirección e o vicerreitorado. Ambos acordaron que a mellor solución sexa subir a memoria, que iso ninguén puxo en dúbida, e pospoñer a súa implantación un ano. Insiste que a opción de pospoñer a implantación un curso académico xurdiu do propio vicerreitorado nunha reunión coa Dirección da Escola onde se lle amosou a gráfica da tendencia de

matrícula. De confirmarse esta tendencia o curso que vén, teríamos máis argumentos para subir o número de prazas.


Indica que agora se atopa que durante este tempo, varios membros da Xunta de Escola manifestaron que mantiveron reunións/charlas informais sobre estes temas. Pregúntase se realmente iso é bo para os intereses da Escola. Informa que o venres pasado a primeira hora mantivo unha conversa telefónica onde lle expuxo ao vicerreitor o acontecido na Xunta de Escola e que quería saber se a súa posición cambiara. Reiteroulle o apoio á proposta da Dirección. Ademais, comentoulle que aínda que se estaba en prazo para enviar a memoria, cre que a verificación do título chegará a finais de maio e nos pediu que enviemos a memoria antes de final de mes para evitar problemas institucionais.

Continúa o director expoñendo os puntos en común, que cre que se puxo de manifesto que temos argumentos para solicitar e pelexar as 100 prazas de novo ingreso. Considera que se forman profesionais cunha alta demanda, que a enquisa a egresados o demostra, que cada dous por tres chaman á Escola pedindo xente e en cada acto no que asiste así llo manifestan dende o sector. Indica que se forman magníficos enxeñeiros e enxeñeiras. Coincide con outra intervención na que se puxo de manifesto que está de acordo co aprazamento se é para facer as cousas mellor e que se hai garantías de que se vai implantar nese ano podería estar de acordo. Respecto disto, reitera o seu firme compromiso, e o do resto da Dirección, co grao en enxeñaría civil. Indica que se se propuxo pospoñer un ano é buscando o mellor para toda a Escola e para o grao.

Ante os comentarios que se formularon o outro día contra a súa palabra, o director informa que lle pediu ao vicerreitor de titulacións que expuxera nun correo electrónico a situación actual do grao en enxeñaría civil. Cre que ter que pedir este tipo de documentación amosa certa debilidade por parte da Xunta de Escola. Informa que o secretario académico vai ler dito correo e pide que se incorpore á acta da sesión.

Arturo Fontán procede a ler o correo electrónico recibido o 24 de novembro de 2025 ás 14:12 h dende o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización que di:

*“Prezado Director,
En relación coas diversas conversas que mantivemos ao longo dos últimos meses sobre o proceso de implantación da titulación do Grao en Enxeñaría Civil, aprobada en Xunta de Escola, resumo brevemente a situación actual:*

Código Seguro De Verificación	SzOvE7w1MKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27	
Observacións		Páxina	8/10	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7w1MKals9ru4VwGuQ%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

- Tras a aprobación da memoria de verificación na Xunta de Escola e, posteriormente, no Consello de Goberno, foi enviada desde a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización (VTI) á Secretaría Xeral de Universidades (SXU) para a súa autorización previa ao envío a verificación.
- Durante este proceso de valoración, desde a Secretaría Xeral de Universidades (SXU) solicitaron algunhas modificacións, entre elas dúas moi relevantes: i) a modificación da memoria para incluír unha materia obrigatoria de prácticas externas, e ii) a modificación da memoria para reducir o número de prazas de novo ingreso, adaptándoo ao establecido normativamente para campus centrais. Respecto de ambos requirimentos, considerados altamente prexudiciais para a titulación proposta, para a Escola e para a UDC, negociamos intensamente coa SXU, logrando como resultado que permitisen manter as prácticas externas como materia optativa, e tamén que permitisen manter na memoria a capacidade máxima de 100 prazas.
- Tras o mencionado proceso de negociación, a SXU achegou o 01/10/25 a súa autorización para o envío a verificación da memoria do título. A día de hoxe é importante e urxente que realicemos a subida da memoria do título á aplicación do ministerio, xa que é o último paso pendente para que se someta á avaliación por parte da ACSUG. Somos conscientes do esforzo que implica este proceso, pero é necesario avanzar para non atrasar os prazos. Desde a dirección do centro trasladouse a VTI o compromiso de someter a memoria deste grao a verificación en tempo en forma.
- Unha vez subida a memoria, e recibida a verificación por parte da ACSUG, existe a posibilidade de adiar por un único curso académico a implantación dos novos títulos, algo do que xa existen antecedentes na UDC e noutras universidades do SUG. Desde VTI non vemos problema nesta posibilidade, que podería facilitar unha acaída promoción da nova titulación, moi especialmente se, como é previsible, a verificación positiva acádase nun estadio moi tardío do curso 25/26.
- A principios de ano 2026 solicitaremos dende VTI a todos os centros da UDC o número de prazas de acceso que se pretenden ofertar para cada título de Grao e Mestrado. Nese momento, agardamos que desde a Escola nos indiquedes que dito número, para este novo Grao, é de 100 estudantes. Con posterioridade, probablemente arredor de mediados de marzo, desde a Consellería convocarán ás tres universidades da unha reunión conxunta na que, en exercicio das súas competencias de coordinación do SUG, se determinará a oferta final e completa de prazas

para todos os títulos do SUG. Nesa reunión comprometemos desde VTI o noso máximo empeño en negociar e lograr que todos os títulos da UDC poidan convocar o número de prazas que nos teñan achegado como oferta. No caso do Grao que nos ocupa, temos a confianza de que, tras a dita negociación, podamos aliñar o número previsto (100) coa matrícula final.

- Está en elaboración nesta Vicerreitoría a normativa de PARS da UDC que, xunto co novo Grao, fará máis atractiva a oferta da ETSCCP da UDC.
- É do máximo interese estratéxico para a UDC, no contexto do SUG e do Sistema Universitario Español (SUE), que o proceso de implantación deste novo Grao na ETSCCP poida concluírse o antes posible, de forma que dende a UDC podamos continuar a avanzar no proceso de apoio, promoción e impulso á Escola e ás súas titulacións.

Agradecemos, coma sempre, a colaboración da Escola, do seu equipo directivo e de todo o seu Claustro. O beneficio da Escola é o beneficio da UDC.

Agardo que este resumo sexa de axuda para clarear a situación actual e solicitovos, novamente, a necesidade urxente de subir a memoria do título á correspondente plataforma para a súa verificación.

Un saúdo cordial
Moisés Canle”.

Toma a palabra Luis Ramírez que insiste no logrado, en que agora hai outros números, na necesidade do PARS e que por fin o vicerreitorado comezou a elaborar a normativa correspondente. Coa información dispoñible e coas intervencións realizadas a proposta de Dirección é enviar a memoria a verificación e solicitar agora pospoñer a súa implantación un curso académico. Considera que é necesario ter clara canto antes a oferta académica para o curso que vén, que non é imprescindible tomar agora a decisión, pero pregúntase cando tomala entón, en maio cando previsiblemente chegue a verificación do título? Que PDA se negocia en febreiro? Habería que facer dúas PDA’s diferentes en función do grao. Respecto da divulgación, que titulación lle dicimos agora mesmo aos alumnos de segundo de bacharelato? Considera que todo ten que estar claro porque se lles dicimos enxeñaría civil, e logo nos botamos para atrás, enviámoslos a Lugo?

Considera que é importante que teñamos seguridades sobre a oferta académica da Escola para o curso que vén, non lle gusta improvisar e menos cun asunto tan grave que pode afectar a contratos laborais e o futuro da Escola. Considera que se corre o risco de que non chegue a acreditación a tempo ou cheguen alegacións e haxa que pospor no último momento. Cre que coa información que temos, a Xunta de Escola debe tomar unha decisión, vindo dunha situación de

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKa1s9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camións, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	9/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKa1s9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



confrontación e pide á Xunta de Escola que todos miren cara adiante e se adopte o que mellor se considere, pero por favor, sen desconfianzas.

Pasando á fase de decisión, o director indica que dado que non houbo ningunha intervención ao respecto, entende que se pode acordar por asentimento subir a memoria. Apróbase por asentimento.

Continúa o director, respecto do curso de implantación, e pregunta se se pode seguir o plan de implantación que indicou, é dicir, decidir agora pospoñer un só curso académico a implantación do grao? Varios membros da Xunta de Escola indican que non e solicitan votación e que sexa en urna.

Margarita Novalles solicita que non se realice a votación neste momento (13:45 h.), porque considera estar fóra da hora límite de duración da reunión, e por non ser horario de actividades académicas, de maneira que hai persoas que teñen que marchar a clase e non poderán participar na votación a pesar de ter asistido á reunión ata ese momento, como é o seu caso.

Ana Vázquez e varios membros da Xunta de Escola amosan a súa desconformidade coa hora de inicio da votación. O subdirector e o secretario académico inciden que no momento en que comezaron as votacións aínda non transcorrera a duración estimada da reunión segundo a convocatoria.

Procédese a votación en urna sendo a pregunta que se formula: se apoias a proposta de Dirección que é aprazar un só curso académico a implantación do grao?

Faise chamamento persoal de todos e cada uno dos membros da Xunta de Escola. Tras o recuento, o resultado é de 38 votos a favor, 16 votos en contra e 2 votos en branco, polo que se aproba por maioría o aprazamento dun ano da implantación do grao en enxeñaría civil.

Remata a sesión ás 14:03 h.

V.B
Luis Ramírez Palacios
Director

Ado.
Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico

Código Seguro De Verificación	SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:05
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:27
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SzOvE7WlMKals9ru4VwGuQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

